



XUNTA DE GALICIA



Museo do Pobo Galego

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O MUSEO DO POBO GALEGO PARA A RENOVACIÓN DO COMPROMISO DE INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA DA BIBLIOTECA DO MUSEO DO POBO GALEGO DEPENDENTE DELA.

Santiago de Compostela,

REÚNENSE

Dunha parte, a consellería de Cultura, Educación e Universidade (en adiante, a Consellería) e no seu nome e representación, D. Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, para o que foi nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia; así como o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Doutra, o Museo do Pobo Galego (en adiante, a entidade) e no seu nome e representación, Don Justo Beramendi González, en virtude da súa condición de Presidente da citada entidade.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para conviren no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

MANIFESTAN

Que ámbalas dúas entidades consideran necesario de realizar actuacións no eido da creación de recursos de coñecemento e lectura que fomenten a mellora dunha oferta adecuada ás novas demandas das persoas usuarias, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia de acceso aos recursos e servizos bibliográficos e de información para que, o conxunto da cidadanía galega se poida beneficiar da riqueza bibliográfica e documental deste centro bibliotecario de cara ao seu desenvolvemento persoal e profesional.

A Consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA



Museo do Pobo Galego

e, en concreto, as atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido no Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Neste sentido, establece que lle corresponde a xestión dos procedementos de integración na rede e de creación de novos centros.

Dentro dese ámbito competencial, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo ás persoas usuarias. Segundo establece o artigo 7 da citada lei, a Consellería configúrase como o órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, dentro do que se encadran as bibliotecas especializadas integradas na Rede.

O Museo do Pobo Galego solicitou a integración na Rede de bibliotecas de Galicia da súa biblioteca A consellería, pola Orde do 16 de xaneiro de 2008 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na rede de bibliotecas de Galicia. DOG núm. 40, do 26 de febreiro de 2008, acorda a inclusión do devandito centro na Rede, mais condicionada á sinatura dun convenio coa entidade no prazo de tres meses.

As dúas institucións teñen o convencemento mutuo de que o acceso á cultura da cidadanía galega mellorará compartindo os recursos e poñendo á disposición das persoas usuarias das bibliotecas de Galicia este servizo bibliotecario que, posúe unha colección única tanto pola súa especialización como pola súa calidade.

Con este convenio asegúrase o acceso aos recursos compartidos da Rede de bibliotecas tanto a través do Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria como doutros servizos que se poidan poñer en marcha.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E OBRIGAS DAS PARTES

Constitúe o obxecto deste convenio a integración do centro bibliotecario de titularidade do Museo do Pobo Galego na Rede de Bibliotecas de Galicia, coa finalidade de mellorar o acceso da cidadanía á súa colección., así como o establecemento das obrigas que, derivadas da dita integración, lles corresponden a cada unha das partes asinantes.

Condicións da integración:

1.- O Museo do Pobo Galego comprométese a:

- a) Dotar á biblioteca do orzamento suficiente para o seu funcionamento.



Xacobeo 2021





- b) Dotar ao centro bibliotecario do persoal adecuado e con capacidade profesional suficiente para asumir as tarefas propias do servizo bibliotecario. Así mesmo asumirá en exclusiva todas as obrigas derivadas da súa condición de empregador.
- c) Remitir anualmente á Consellería a información que se solicite, con especial atención ás estatísticas anuais.
- d) Colaborar coa Consellería na formación e perfeccionamento do persoal do servizo bibliotecario.
- e) Fomentar a participación do centro bibliotecario na Rede e nos programas que nesta se establezan. A interconectividade técnica e semántica, o uso de software, os estándares necesarios para o intercambio e acceso á información e, a adopción das normas e manuais de procedemento que se establezan para as bibliotecas da Rede.
- f) Colaborar coa Consellería na recuperación, conservación e dispoñibilidade pública do patrimonio bibliográfico galego e da documentación de interese para Galicia, debendo facilitar que se leven a cabo os programas de conservación, dixitalización ou rexistro e gravación noutros soportes dos materiais de interese para Galicia, promovidos polo dito órgano, facilitando a súa copia e colaborando na súa recollida e conservación.
- g) Dar acceso público a súa colección coas restricións de horario e as medidas de seguridade que a propia entidade estableza.

2.- A Consellería comprométese a:

- a) Manter ao centro bibliotecario do Museo do Pobo Galego na Rede de Bibliotecas de Galicia.
- b) Dotar ao centro ao bibliotecario da do software necesario para a súa xestión a través do Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria.
- c) Prestar o apoio técnico necesario para acadar servizos bibliotecarios da calidade.
- d) Promover a realización de accións formativas destinadas ao persoal dos servizos bibliotecarios privados que presten servizo público.
- e) Integrar ao centro bibliotecario en programas de recuperación, conservación, dixitalización ou rexistro en calquera outro sistema de memoria, de materiais de interese galego, ademais de facilitar o acceso aos resultados destes programas.
- f) Levar a cabo un programa de visibilización e difusión dos recursos bibliográficos e documentais do centro bibliotecario.



SEGUNDA. – OBRIGAS FINACEIRAS

A execución do presente convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo a organización de actividades formativas e os plans e proxectos de cooperación que se establezan nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente a través dos correspondentes procedementos administrativos segundo a lexislación aplicable.

TERCEIRA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO

Créase unha comisión mixta de seguimento formada pola persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura e polo Presidente do Museo do Pobo Galego ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión.

QUINTA.- PUBLICIDADE

A partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Museo do Pobo Galego, acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

SEXTA.- RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa e seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución Española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- RD 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.





XUNTA DE GALICIA



Museo do Pobo Galego

- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Artigo 15.2 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 190 do 18 de setembro)
- Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 1 de decembro).
- Orde do 16 de xaneiro de 2008 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios na rede de bibliotecas de Galicia. DOG núm. 40, do 26 de febreiro de 2008. Procedemento CT230B.

SÉTIMA.- INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia da aplicación do presente convenio.

OITAVA.- VIXENCIA

O período de vixencia deste convenio empezará a contar dende a súa sinatura e estenderase por un período de catro anos. Antes do remate deste prazo as dúas partes asinantes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, agás que unha das partes decida a súa resolución comunicándoo á outra parte con tres meses de antelación.

NOVENA.-NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA



Museo do Pobo Galego

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E para que así conste e en proba de conformidade, este convenio obriga ás partes que a asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións.

Esténdese no lugar indicado e na data da súa sinatura.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN O PRESIDENTE DO MUSEO DO POBO
E UNIVERSIDADE GALEGO

Román Rodríguez González

Justo Beramendi González



Xacobeo 2021

